



# ÍNDICE

## 1.– Introducción.

1.1.- Xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares.

1.2.- Competencias clave desenvolvidas no proxecto.

1.3.- Criterios e estándares de avaliación.

1.4.– Calendario para as tarefas previstas.

1.5.– Alumnado e profesorado participante.

1.6.– Organización para a súa realización.

## 2.– Obxecto ou temática de investigación propostos.

## 3.– Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.

## 4.– Documentación elaborada para profesorado e alumnado.

## 5.– Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

## 6.– Recursos utilizados e enumeración detallada das fontes consultadas para a investigación.

## 7.– Implicación da comunidade educativa.

## 8.– Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

## 9.– Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo. Procedementos empregados.

## 10.– Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

\*O símbolo  indica que pulsando hai un enlace directo a fotos ou vídeos.

## 1.- Introducción.

### 1.1.- Xustificación e planificación con respecto aos contidos curriculares.

Logo de varios cursos sendo a biblioteca eixe vertebrador de proxectos documentais integrados con temáticas como "Aquí todos pintamos moito", "Tele-Coviña", "Contruímos con Coviña"... Durante o curso 2018-19 a biblioteca e o centro decidimos escoller un tema tan amplo e interdisciplinar como o é o teatro.

O lema colocado no andel principal da biblioteca "Puro teatro" deixaba claro que a biblioteca era o lugar clave para a busca de información e investigación do proxecto. Coviña, a mascota da biblioteca, esta vez colocada nun escenario, sería quen guiaría e motivaría a toda a comunidade educativa.

Este PDI tivo como **obxectivo fundamental** mellorar e fomentar a **expresividade** do alumnado, a desinhibición, a interpretación, a mellora na competencia en expresión oral, a lectura entonada, a comunicación xestual, a **expresión corporal** como parte fundamental dunha boa comunicación.

Dado o carácter interdisciplinar do tema, o PDI estivo presente na Aprendizaxe Baseada en Proxectos, incluíndo en todos os proxectos a pregunta "**Que queremos facer?**" paralelamente a de "Que queremos saber". Deste xeito todos **creamos, adaptamos, construímos escenarios e deseñamos pequenas interpretacións de todo tipo**: teatro negro, de sombras, musicais, cabezudos, obras representadas con robots, mimo, teatro de dedos, títeres de auga, performances, obras en inglés, a historia do teatro dentro dunha representación teatral, contos adaptados ao teatro... formando parte estas obras teatrais dos diferentes proxectos.



Os proxectos de investigación que estaban directamente ligados ao PDI sobre teatro foron os seguintes: "Tamara Chubarovsky" (3 anos), "Mimo" (4 anos), "Os oficios no teatro" (5 anos), "Teatro de sombras" (1º), "Títeres do mundo" (2º), "Musical de circo" (3º), "Historia do teatro" (4º), "Paula Carballeira en teatro negro" (5º) e "Shakespeare" (6º). O proceso de investigación destes proxectos realizouse no 2º trimestre e preparouse a súa exposición final durante o 3º trimestre.

En todas as aulas houbo propostas de **exposicións orais** por parte do neno/a encargado/a sobre actores e actrices, escritores famosos, así como se realizaron outro tipo de exposicións (sobre historia, xeografía...) onde o nen@ tiña que interpretar un papel teatral. O tema do teatro estivo presente tanto nas sesións de lingua galega como de lingua castelá: escrita de obras de teatro, lectura entonada, teatro radiofónico, filosofía para nen@s... Por suposto, a busca de información e redacción de ideas principais sobre o contido atopado e a exposición oral final para as familias, son contidos das áreas lingüísticas. As invitacións, carteis, anuncios de radio e de televisión para publicitar á visita das familias tamén entroncan directamente coas Linguas. Na área de Lingua estranxeira (inglés) preparáronse representacións de fragmentos de obras de Shakespeare.

Durante o proceso traballáronse especialmente contidos de Lingua, pero tamén de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais (a luz, as máquinas, temáticas de natureza, reciclaxe... para as obras a representar...), Matemáticas (na elaboración de escenarios, vestiarios, títeres...), Plástica, Música (musicais, performances) e Ed. Física (expresión corporal, coreografías).

Por tanto, podemos dicir que nesta ocasión tratáronse contidos curriculares de todas as materias.



## 1.2.- Competencias clave desenvolvidas a través do proxecto.

No desenvolvemento do PDI estiveron integradas todas as competencias clave nas diferentes actividades e tarefas que se foron desenrolando. A metodoloxía foi inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. En todo o proceso intentouse que as tarefas e actividades planeadas estiveran relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real (os roles, elaboración de carteis, invitacións, exposicións orais, organización e publicidade da visita das familias son un bo exemplo).

- **Comunicación Lingüística (CCL):** fomentouse a mellora da expresión oral a través das exposicións dos diferentes proxectos, comprensión lectora mediante a busca de información para os proxectos, expresión escrita a través do extracto de ideas principais e síntese da información atopada, escrita de obras de teatro, e comprensión oral mediante a escoita activa das exposicións orais dos compañeiros/as. Durante o curso tamén se realizaron actividades de teatro radiofónico, expresión oral sobre actrices e escritores/as de teatro, adaptacións de narrativa a teatro, representacións de situacións cotiás de conflitos nas clases de filosofía, lectura de teatro, expresión escrita a través da elaboración de carteis, trípticos, anuncios de televisión e radio, invitacións para a visita das familias, etc.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** Realizáronse medicións e proporcións para poder realizar escenarios, vestiarios e monicreques. Traballo con robótica no caso da obra interpretada por escornabots. Fomentáronse procesos de planificación, realización e comunicación de resultados das investigacións realizadas.
- **Competencia dixital (CD):** utilizáronse TICs para a busca de información, seleccionando as fontes fiables para a posterior síntese e aportación aos proxectos. Tamén fomentouse a mellora na utilización das TICs a través da elaboración e posterior publicación de carteis (cunha imaxe corporativa), presentacións en pantalla das exposicións orais, invitacións, teatro radiofónico, elaboración de anuncios de radio e vídeo, entradas, etc.

- **Aprender a aprender (CAA):** a aprendizaxe por proxectos estimula esta competencia dende o momento no que se fai reflexionar sobre o que se sabe, o que se quere saber, onde buscamos, como nos organizarnos para atopar as respostas, que aprendemos... Estas preguntas obrigan a coñecer distintas estratexias para afrontar tarefas, estratexias de planificación, estratexias de avaliación do resultado e do proceso levado a cabo... E sobre todo fomenta que o alumno/a se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** O alumnado tivo unha participación de forma activa e construtiva na comunidade educativa e na sociedade. Leváronse a práctica estratexias da aprendizaxe cooperativa e prácticas baseadas no pensamento crítico e creativo. A través do proxecto o alumnado mellorou a capacidade para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social. Este proxecto saeu da escola: actuamos no Concello, no centro de saúde, no Centro de día, na librería máis próxima á escola, precisamente para que tivera esta repercusión social.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** mediante a iniciativa da visita das familias a "Puro teatro" o alumnado tivo que deseñar un plan, mellorando a capacidade de análise, planificación, organización e xestión, tamén a capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas. Durante o proceso fomentouse a iniciativa e interese en todo o alumnado.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** ao tratarse do teatro o tema do proxecto, en todo momento se tratou de mellorar a capacidade do alumnado para apreciar a importancia da expresión a través desta arte. Desenrolouse a iniciativa, a imaxinación e a creatividade. O alumnado foi quen de utilizar distintas técnicas teatrais na representación das súas obras, valorou a liberdade de expresión e sobre todo, mostrou interese, aprecio, respecto, disfrute e valoración crítica das obras d@s compañeir@s.

### 1.3.- Criterios e estándares de avaliación.




Sendo un proxecto tan amplo, claramente se trataron moitos estándares de aprendizaxe, contidos e criterios de avaliación plasmados no currículo. Nomearemos, a modo de exemplo, aqueles criterios de avaliación máis relevantes, deixando moitos no camiño ao non ser posible plasmalos todos nesta memoria.

Algúns dos criterios de avaliación traballados: Participar en situación de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais. Expressarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula. Producir textos orais breves, imitando modelos e atendendo á forma e a intención comunicativa. Usar, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses. Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación dun modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. Amosar respecto polos diferentes tipos de expresión plástica. Usar léxico adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas. Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, etc...

Nas exposicións dos proxectos tamén se colocaron nun lugar visible os estándares traballados, coa finalidade de documentar e mostrar ás familias a aprendizaxe xerada coa metodoloxía ABP.



No seguinte enlace, poden verse (a modo de exemplo) todos os estándares traballados no proxecto realizado nunha das aulas.



### **1.4.- Calendario para as tarefas previstas.**

O PDI comezou no mes de outubro e rematou o 14 de xuño coa visita das familias á exposición final de "Puro teatro". Coma noutras ocasións, o proxecto en si tivo tres fases moi claras:

- No **primeiro trimestre** houbo unha primeira fase de **aproximación e curiosidade** cara o tema.
- No **segundo de elaboración de investigacións e proxectos** nas diferentes aulas .
- No **terceiro trimestre de preparación das exposicións orais, obras de teatro, publicidade, tarefas, etc. para a exposición final.**

Dado o seu carácter interdisciplinar, o teatro estivo presente durante todo o curso nas expresións orais, nas titorías, linguas, proxectos, sesións de filosofía, expresión corporal, nos contextos educativos de aprendizaxes, nas distintas celebracións (día da Paz, entroido, día do teatro, Letras Galegas...).

### **1.5.- Alumnado e profesorado participante.**

Este proxecto puido levarse a cabo grazas a implicación de todo o profesorado (15 mestres/as) e todo o alumnado (148 entre Infantil e Primaria). Os titores/as mediante o desenvolvemento de proxectos nas súas aulas, colaboración en todas as actividades, preparación das salas, os mestres/as especialistas introducindo o teatro (expresión corporal, musicais, coreografías, teatro en inglés) nas súas áreas.

O alumnado estivo moi involucrado e motivado durante o desenvolvemento durante todo o curso do proxecto.

### **1.6.- Organización para a súa realización.**

O equipo de Biblioteca propuxo o tema nas liñas prioritarias de actuación presentadas para o PLAMBE a finais do curso pasado. Unha vez aprobado polo Claustro foi o equipo quen coordinou, temporalizou e organizou as diferentes tarefas levadas a cabo durante o presente curso escolar, xa planificadas en setembro no Plan Anual Lector e na PXA.



As tarefas máis complicadas de organizar (Día do Libro, día do teatro, exposición final...) sempre ían acompañadas dun dossier para o profesorado e/ou alumnado.

O equipo de EDNL aportou a súa colaboración na elaboración do almanaque coa temática da biblioteca. O Equipo de Dinamización das TICs colaborou na divulgación fundamentalmente a través do facebook do colexio de todas as actividades levadas a cabo. O Equipo de Actividades Extraescolares colaborou na organización da visita a diferentes obras de teatro, así como na coordinación con Paula Carballeira nas tres visitas para colaborar cos proxectos e representacións de todas as aulas. Tamén na organización das celebracións relacionadas como o desfile de Entroido.

As familias tamén colaboraron coa aportación de fotos con expresións, fotos asinadas por artistas do mundo do teatro. Este curso tamén colaboraron na elaboración de monicreques cos nen@s en horario escolar e representaron unha obra de teatro no festival de fin de curso. Este día incluso nos sorprenderon cunha performance, bailando disfrazados de demos, durante a merenda de despedida do curso.

## **2.- Obxecto ou temática de investigación propostos.**

O PDI "Puro teatro" propónse dende o Equipo de biblioteca para que nas aulas de levaran a cabo proxectos de investigación sobre teatro que sempre parten do alumnado... A maiores dos proxectos das diferentes aulas o centro propón como obxectivo do curso unha mellora na comunicación non verbal, na expresión corporal, na fala e lectura entonada, na expresividade... Algo que estivo presente durante todo o curso en numerosas situacións de aprendizaxe.

O produto final de exposición dos proxectos ás familias así como das representacións teatrais inventadas e deseñadas polo alumnado, enriqueceu o proceso e fixo que a estes proxectos de investigación se lle uniran moitas tarefas de corte competencial sempre realizadas polo alumnado.

### 3.- Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta.

O tema foi escollido en xuño de 2018 polo Claustro previa proposta de biblioteca.

A mediados de outubro, despois da innaguración da nova biblioteca, a mascota Coviña deixa unha caixa sorpresa en cada clase cunha carta de motivación cara o teatro, cun libro de teatro, unha proposta de colaboración do alumnado titulada " Ideas para o PDI" (panel aberto onde o alumnado escribiu ideas para o proxecto) e outra proposta de colaboración das familias coa iniciativa de "Expresamos o medo".

Unha vez xerada a curiosidade cara o tema, en cada clase fixéronse achegamentos ao mundo do teatro nas diferentes áreas: exposicións orais, tarefas de diferente índole de expresión escrita e lectura, de plástica... relacionadas co teatro. Durante este trimestre tamén asistimos a obras teatrais, adaptadas a cada nivel, e representadas en Pontevedra.

No Samain representáronse dúas obras terroríficas. No Nadal realizouse un calendario que tamén xirou en torno ao teatro facendo foto-montaxes sobre o tema do proxecto escollido por cada curso para a investigación.

Tamara Chuvarovsky (3 anos)	Mimo ( 4 anos)	Os oficios no teatro (5 anos)
Títeres do mundo (1º)	Teatro de sombras (2º)	Musicais e circo (3º)
Historia do teatro (4º)	Paula Carballeira en teatro	Shakespeare (6º)

No 2º trimestre realizáronse os proxectos de investigación específicos en cada titoría.

Neste trimestre, a franxa horaria destinada a contextos educativos de aprendizaxe (hora e vinte minutos diarios) **centrouse no tema do PDI**. No contexto matemático elaboráronse supostos, deseños e medidas para escenarios, no lingüístico realizouse teatro radiofónico, adaptación de textos narrativos a teatrais, representacións dos mesmos, no contexto científico traballouse a luz, o son e as máquinas no teatro, no social a historia e xeografía dos distintos xéneros teatrais e os oficios no teatro.



O Día da Paz compartimos nun acto colectivo, representacións teatrais de resolución de conflitos traballadas nalgúns sesións de filosofía e nos contextos educativos de aprendizaxe.



En febreiro comezou a Olimpiada do Saber. As preguntas, todas de corte competencial e nas que se fomentaba a investigación, xiraron todas en torno ao mundo do teatro. Houbo unha gran participación por parte do alumnado.



O disfrace de entroido de cada clase tivo relación co proxecto escollido para o PDI. Moitos deles volvéronse utilizar o día da exposición final. Os disfraces foron elaborados na escola, aproveitando a ocasión para medir, deseñar, crear...



Este curso, non podendo ser doutra maneira, celebrouse por todo o alto o Día Internacional do Teatro. Aproveitamos a ocasión para que **o teatro saíra da escola**. Fixemos unha manifestación reivindicando a posta en valor do teatro e expresión teatral e fomos parando en diferentes lugares de Meaño (Concello, Centro de día, centro de saúde, librería, cafetería...) para realizar pequenas actuacións teatrais, ensaiadas nos contextos educativos de aprendizaxe.



No 3º trimestre, preparamos a exposición final. Para elo, cada curso escolleu tarefas a realizar para poder levar á realidade esta iniciativa. Propostas como anuncios publicitarios de radio, de vídeo, carteis, invitacións ás familias, a elaboración da posto de entradas, as entradas, carteis solicitando silencio e mostrando diferentes normas, o gran cartel de entrada á exposición, reparto de roles en 6º (bufóns—guías, actores e actrices, ...), etc. Todo queda repartido entre todas as aulas da escola, non significando unha carga excesiva para ninguén e conseguindo enriquecer o proceso con tarefas de corte competencial e cun alto nivel de motivación.

Este trimestre tamén é o da **elaboración** da parte máis plástica: **monicreques, decorados, escenarios, iluminación...** Necesarios para a representación das diferentes obras teatrais relacionadas cos proxectos de investigación.



Durante o 2º e 3º trimestre tivemos a sorte de recibir a Paula Carballeira para que nos guiara no proceso de elaboración e investigación dos proxectos, así como na creación, deseño e interpretación teatral das nosas obras. Estas visitas organizámolas da seguinte maneira:



1ª visita: Comezo de invención e escrita das obras teatrais, parte adiantada de investigación do proxecto. Obxectivo: resolver dúbidas na investigación e propostas e ideas para a escrita das obras creadas.




2ª visita: Proxecto de investigación rematado. Obras rematadas e comezo de preparación da representación. Obxectivo: correcta interpretación das obras, ideas para decorados, iluminación, resolución de problemas técnicos xurdidos durante este proceso.




3ª visita: Días antes da exposición final e visita das familias. Obxectivo: últimos detalles de interpretación, exposición oral e representación.

Esta proposta de "**colaboración dun/ha experto/a**" durante todo o PDI foi moi productiva, motivadora e enriquecedora. Intentaremos repetir noutras ocasións.

As outras visitas de expertos foron para proxectos concretos de aula. Para o proxecto de 2º de Primaria  veu a autora da obra a representar "Sabela Fernández" e para a elaboración de monicreques veu "Cali", un profesor xubilado que leva feito moitos cabezudos co seu alumnado.




Outra novidade, durante este PDI, tamén moi enriquecedora, foi a invitación de participación ás familias  nalgunha aula. Nais, pais, avós e avoas elaboraron monicreques (cabezudos, de fíos, de tea...) cos nen@s en horario escolar.

O 13 de xuño realizouse un **ensaio xeral** da exposición final de "Puro teatro" onde o alumnado puido ensaiar a súa parte e asistir (por quendas) ás exposicións dos proxectos de toda a escola.



O 14 de xuño foi a visita das familias a "Puro teatro". Entregáronse entradas por cores en grupos de entre 50-80 persoas. Tres guías de 6º levaban a través dunha ruta pola exposición a ese grupo. Finalmente viñeron 192 persoas que se organizaron rapidamente en 3 grupos en total

guiados polos nenos e nenas de 6º a través das diferentes rutas. Nas aulas as exposicións eran de entre 7 e 12 minutos. As exposicións orais dos diferentes proxectos foron extraordinarias e a motivación do alumnado indescribible. A organización segundo o previsto e despois de hora e media de recorrido todas as familias puideron rematar a súa visita no patio tomando un café e postres realizados polo alumnado de 6º e coa colaboración da ANPA . O alumnado sentiuse moi satisfeito pola recompensa que recibiran despois de tanto esforzo invertido.








Unha vez rematado o PDI realizouse unha enquisa en Google na que participaron as familias. Nas aulas tamén se realizou unha avaliación do proceso e resultado final por parte do alumnado de Primaria.

#### 4.- Documentación elaborada para o alumnado e profesorado.

Durante o curso o equipo de biblioteca foi aportando diferentes documentos para facilitar a posta en marcha e organización do proxecto tanto ao profesorado como ao alumnado.

Para o profesorado:

- Plan anual de Lectura indicando as diferentes fases e temporalización do proxecto, así como tarefas concretas a realizar ao longo do curso en relación co proxecto. 
- Cartas e notas da mascota Coviña ás familias e ao alumnado solicitando diferentes colaboracións.
- Calendario de actividades.
- Dossier de organización do Día da Paz. 
- Dossier de organización do Día do Teatro. 
- Dossier de organización das tarefas a realizar para a publicidade e posta en marcha do produto final de Puro teatro.  
- Dossier de organización do día de ensaio xeral e da visita.

Para o alumnado:



- Caixa de Coviña con cartas e libros de teatro.
- Carteis, preguntas da Olimpíada do Saber sobre teatro.
- Notas e carteis anunciando as diferentes actividades.
- Rutas da visita final e organización das mesmas para os guías de 6º.



## 5.- Tarefas máis importantes realizadas polo alumnado.

Podemos dicir que nos sentimos orgullosos de que os auténticos protagonistas no proceso deste PDI foran os nosos alumnos e alumnas. Realizaron:



- Proxectos de investigación específicos. Estes proxectos implicaron busca e selección de recursos e información, organización do traballo, elaboración de textos e extracción da información máis importante, traballo cooperativo, autoavaliación, etc.
- Invención de obras de teatro e adaptación de textos narrativos a teatrais.
- Preparación de exposicións orais en cada clase axustándose ao tempo.
- Reparto de roles asumindo os mesmos: persoal de taquilla, bufóns-guías, actores, iluminadores, técnicos de son...
- Deseño e realización dun cartel publicitario coidando a imaxe corporativa (2º).
- Elaboración de cuñas publicitarias de radio para reproducir pola megafonía do colexio nas entradas e saídas e en facebook. Redacción dun texto breve, busca da música e gravación das voces (4º).
- Deseño e elaboración dunha invitación ás familias a través do programa Publisher coidando a imaxe corporativa (1º).
- Elaboración do cartel xigante co título do PDI (Infantil).
- Guión, deseño e elaboración de vídeos promocionais da visita das familias (5º)
- Carteis da exposición: Silencio, non comer, podemos sacar fotos... (Infantil)
- Gravación de mensaxes radiofónicos para o día da visita (Infantil).




- Elaboración das entradas numeradas por cores (6º), posto de información (4º), carteis por cores dos guías, sobremesas para a cafetería (6º).
- Participación na elaboración dos disfraces, calendario, escenarios, monicreques, decorados...



## 6.- Recursos e fontes utilizadas.

Na entrada da biblioteca estiveron expostos durante todo o curso libros de consulta e lecer sobre teatro. Houbo unha inversión importante do presuposto de biblioteca para este fin. Utilizáronse indistintamente os libros, ordenadores e tablets para a busca de información.

## 7.- Implicación da comunidade educativa.

O PDI puido levarse a cabo fundamentalmente polo apoio de todo o Claustro ás diferentes propostas do equipo de Biblioteca. A implicación do profesorado, por tanto, foi do 100%. O alumnado implicouse totalmente no desenvolvemento de todas as tarefas. O grao de motivación e implicación foi moi alto.  As familias participaron nas propostas de fotos teatrais, na elaboración de monicreques cos nenos en horario escolar, como espectadores no entroido e na visita ao produto final (192 persoas en horario de mañá) ,valorando o PDI a través da enquisa, realizando un disfraz de carapuchiña vermella para Coviña, inventando e representando unha obra teatral e unha coreografía para o festival de fin de curso.

## 8.- Difusión entre a comunidade educativa.

O medio de difusión principal foi o facebook do colexio CEIP As Covas Meaño. Neste medio difundíuse o vídeo resumo do resultado final, as visitas de  Paula Carballeira, o teatro nos contextos educativos... Tamén  debemos resaltar a difusión do día do teatro, xa que as representacións teatrais traspasaron as barreiras da escola e chegaron ao Centro de día, centro de saúde, Concello, librería e cafetería do centro de Meaño.

## 9.- Avaliación. Procedementos empregados.

Como procedementos de avaliación empregáronse fundamentalmente as reunións periódicas do profesorado (semanais, mensuais e trimestrais), reflexionando sobre o grao de adquisición dos obxectivos marcados (tanto a nivel organizativo, como pedagóxico, como social). Houbo unha revisión constante do proxecto, sendo modificado nalgún caso o calendario inicial así como engadindo e adaptando ás tarefas a desenvolver.

O alumnado de educación Primaria avaliouuse a si mesmo a través de diferentes rúbricas elaboradas polo profesorado en función do proxecto levado á cabo. Tamén houbo unha autoavaliación constante á través das asembleas e reflexións individuais.



As familias avaliaron o desenvolvemento do proxecto a través da enquisa final do PDI.

## 10.- Función e participación da biblioteca escolar.

A Biblioteca Escolar foi o motor do PDI realizando tarefas como:

- Coordinar e organizar o desenvolvemento do proxecto. Realizou reunións periódicas co equipo de biblioteca, o ENDL, o equipo de TICs e o equipo de actividades extraescolares.
- Buscar, seleccionar, mercar e expoñer bibliografía de consulta referente ao teatro.
- Organizar os diferentes días de celebración en coordinación cos demais equipos: Calendario, Día da Paz, Entroido, Día do teatro, visitas ao teatro, visitas de expertos, exposición final...
- Elaborar e promover diferentes tarefas relacionadas co proxecto: Olimpíada do Saber, caixas sorpresa de Coviña, taller de elaboración de cabezudos...
- Organización, proposta e reparto de tarefas para o produto final de "Puro teatro"
- Axudar a todo o profesorado que o solicite.
- Avaliación do proceso.

En Meaño, a 9 de xullo de 2019

Paulo Nogueira Porto  
Director do CEIP Plurilingüe de Meaño As Covas